



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Segundo Idioma Moderno III: Alemán		Código	662G01049
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Alemán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	e.mcancela@udc.es	
Profesorado	Martín Cancela, Elena Tajes Lobelos, Ángela	Correo electrónico	elena.martin@udc.es angela.tajes@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia foi deseñada para afondar nos coñecementos da lingua alemá necesarios para desenvolverse con soltura nos diferentes ámbitos do sector turístico, tanto con particulares coma con empresas de países de fala alemá.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Dominar e perfeccionar o uso da lingua alemá.	A6 A13 A16 A17	B1 B3 B4 B5 B6
Afondar no léxico e estruturas específicas do sector turístico.	A13 A15 A16	B1 B2 B6	C1 C2 C5 C7 C8
Perfeccionar as habilidades de comunicación persoal, tanto escritas coma faladas, con particulares e empresas do sector turístico de países de fala alemá.	A16 A29	B1 B3 B4 B6 B7	C2 C3 C4 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Reisen. In der Stadt.	.- Partizipialkonstruktion (PI + PII).
Zukünftigepläne	.- Infinitiv mit oder ohne "zu" und Konjunktiv II .



Erzählungen	.- Plusquamperfekt.
Historische Ereignisse	Das Passiv und Indirekte Rede

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba oral	A6 A13 A16 A17 A29 B1 B3 B4 B5 B6 C2 C4	6	12	18
Traballos tutelados	A13 A15 A16 B1 B2 B3 B4 B6 C1 C2 C3 C5 C6 C8	3	27	30
Seminario	A16 A29 B1 B4 B7 C2 C3 C6 C7	18	22	40
Obradoiro	A13 A16 B3 B4 B6 C3 C6 C7	15	15	30
Proba mixta	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3	2	24	26
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Ademáis das actividades que se desenvolverán ao longo do curso, nos últimos días terá lugar unha proba oral pública consistente en unha ruta ou presentación dun destino turístico.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar exercicios de expresión escrita relacionados con cada un dos temas tratados na aula. O número das devanditas redaccións e a súa extensión serán fixados semanalmente polo profesorado.
Seminario	O alumnado aplicará nestas sesións prácticas os contidos teórico-gramaticais impartidos polo profesorado.
Obradoiro	Cada un dos temas tratados levará asignadas unha serie de tarefas e exercicios destinados a consolidar e fixar os coñecementos explicados. As devanditas tarefas poderán ser ben orais ou escritas. O alumnado matriculado nesta materia participará nun EAG ou nun proxecto colaborativo online con outra institución universitaria. As pautas e indicacións especificaranse ao comezo do cadrimestre.
Proba mixta	Constará de dúas partes diferenciadas: a.- Exercicios de gramática. b.- Expresión escrita + Comprensión lectora

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Proba oral</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>A atención personalizada dependerá da metodoloxía empregada e das necesidades do alumnado. Realizarase de xeito conxunto na aula e tamén de maneira individual.</p> <p>Previa á proba oral realizarase unha sesión conxunta cos alumnos na que o profesorado responderá e orientará ao alumnado de cara á devandita proba.</p> <p>Así mesmo os traballos tutelados irán acompañados de sesións breves (individuais ou en grupo) nas que se abordarán as problemáticas que vaian xurdindo ao longo do curso.</p> <p>Ao final do curso terá lugar unha última sesión na que se responderán e aclararán todas as dúbidas que aínda puidese haber.</p> <p>Ademáis, o alumnado pode, en calquera momento, solicitar unha tutoría para tratar calquera dúbida ou dificultade que atope ao longo do curso.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A6 A13 A16 A17 A29 B1 B3 B4 B5 B6 C2 C4	<p>- Realizaranse distintas actividades orais ao longo do curso para avaliar esta competencia, ademais dunha proba oral final pública tipo presentación e/ou entrevista que se realizará na aula nos últimos días do curso.</p> <p>- Para a avaliación da devandita proba e actividades atenderase á corrección gramatical, aspectos fonéticos, estrutura e contido do discurso, así como á comprensión oral do alumnado.</p>	15
Traballos tutelados	A13 A15 A16 B1 B2 B3 B4 B6 C1 C2 C3 C5 C6 C8	<p>- O alumnado deberá entregar un mínimo dun 80% dos traballos obrigatorios, de non ser así a cualificación desta parte será de 0.</p> <p>- Na avaliación atenderase a aspectos gramaticais, contido e estruturas traballados na aula, así como á presentación dos mesmos en forma e data, seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado na aula.</p> <p>- Non se aceptará ningunha entrega fóra de prazo ou que non siga as canles e formato de entrega indicados polo profesorado.</p>	15
Obradoiro	A13 A16 B3 B4 B6 C3 C6 C7	<p>- O aproveitamento e participación activa nas aulas será o principal punto a ter en conta na valoración deste apartado. Para iso realizaranse actividades na aula da parte práctica e teórico-práctica (contidos gramaticais, léxico, expresións oral e escrita, comprensión oral e lectora, e interacción oral).</p> <p>- O alumnado matriculado nesta materia participará nun EAG ou nun proxecto colaborativo online con outra institución universiatria. Isto poderá supoñer ata un 10% da calificación no obradoiro*. (Ver nota en observacións)</p>	20



Proba mixta	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3	<p>- A proba mixta constará de dúas partes:</p> <p>a.- Exercicios de contido gramatical.</p> <p>b.- Expresión escrita e comprensión lectora.</p> <p>- Será necesario obter unha nota mínima de 4 sobre 10 en cada unha das partes para superar a proba.</p> <p>- En caso de obterse unha nota inferior a 4 nalgunha das partes, a cualificación final da proba non poderá ser superior a 3.5 sobre 10.</p>	50
-------------	--------------------------	--	----

Observacións avaliación



*EAG ou proxecto colaborativo online

No caso de que non fora posíbel a realización destas actividades, realizaranse outros traballos tutelados adicionais, quedando a porcentaxe do obradoiro nun 10% e a dos traballos tutelados nun 25%. A devandita circunstancia será comunicada nas primeiras semanas do cuadrimestre.

Requisitos para superar a materia en 1ª oportunidade

Realizar a proba oral. De non realizala, o/a alumno/a será cualificado como Non Presentado en acta.

Obter unha cualificación de 5 sobre 10 no cómputo global das actividades, cunha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba mixta. De non cumprirse este último requisito, a cualificación final da materia non poderá ser superior ao 4.5 sobre 10.

2ª Oportunidade e convocatoria adiantada

O alumnado deberá realizar a proba oral (15%) nunha data acordada co profesorado (no caso de non haberse realizado ou superado en 1ª oportunidade).

O 85% da cualificación corresponderase coa cualificación obtida nunha proba escrita que seguirá os mesmos criterios que a de 1ª oportunidade e realizarase nas datas aprobadas e publicadas en Xunta de Facultade en cada curso académico.

Cualificación de Non Presentado

Calquera que sexa a oportunidade e/ou convocatoria, todo/a alumno/a que non se presente á proba oral e/ou mixta será cualificado como Non Presentado.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica

O alumnado con recoñecemento de dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "norma que regula o réximen de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5)" deberá entregar e realizar as mesmas actividades e probas que o resto do alumnado e na mesma data. Poderase establecer unha data diferente para a proba oral no caso de que estivese debidamente xustificado.

A porcentaxe na avaliación das actividades na aula sumarase ao dos Traballos Tutelados, quedando distribuídos as porcentaxes do seguinte modo: Proba oral (15%), Traballos Tutelados (25%), Proba Mixta (60%).

Prácticas ilícitas e fraude académica

Os traballos ou probas nos que se detecten prácticas ilícitas (uso de tradutores automáticos para a elaboración de traballos tutelados, plaxio, etc.) suporán un 0 na parte avaliable da materia.

Ao/á alumno/a que incorra en fraude académica

aplicaráselle a sanación correspondente recollida no "Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC" (art. 11, apartado 4. b)).

Calquera

falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" artigo

14.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Borrueco, M (2003). Reisen. Deutsch als Fremdsprache für das Tourismusstudium. Arbeitsbuch. Síntesis- Borrueco, M (2003). Reisen. Deutsch als Fremdsprache für das Tourismusstudium.. Síntesis
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana. Idiomas- Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana: Ejercicios. Idiomas- Corcoll, B.; Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Gramática. Herder- Corcoll, B.; Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Ejercicios. Herder- Dreyer, H.; Schmitt, R (2000). Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik. Hueber- Fandrych, C.; Tallowitz, U (2008). Klipp und Klar. Gramática práctica del alemán. Klett- Lemcke, C.; Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A2. Langenscheidt- Lemcke, C.; Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A1. Langenscheidt- Lübke, S. (2020). Deutsche Grammatik in kleinen Schritten. Lehr- und Übungsbuch A1-A2. Liebaug-Dartmann- Lübke, S. (2020). Deutsche Grammatik in kleinen Schritten. Lehr- und Übungsbuch B1-B2. Liebaug-Dartmann- Rusch, P.; Schmitz, H (2007). Einfach Grammatik. Übungsgrammatik Deutsch A1 bis B1. Langenscheidt

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Segundo Idioma Moderno I: Alemán/662G01047

Segundo Idioma Moderno II: Alemán/662G01048

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías